



Benvidos á escola!

O momento de entrada na escola ten moita importancia na evolución que terá o voso fillo ou filla, por iso é moi importante que xuntos o preparemos para que transcurra da mellor maneira posible

Hai algunhas cousas que desde a casa podeades procurar e que vos contamos de seguido:



En primeiro lugar é importante que saibades **que as nenas e nenos danse conta da actitude que teñen os seus pais/nais sobre o que a eles lles sucede** (neste caso a entrada na escola). É normal que poidades estar algo preocupados de como vivirá o voso fillo ou filla este primeiro contacto coa escola, pero debeades ter en conta que a escola é algo positivo e necesario para el/ela, e que alí vaino pasar moi ben. **É conveniente que vos vexa contentos de que veña ó colexio.**

Non usedes a escola como unha ameaza nin como un castigo, no lle digades cousas como "xa verás cando vaías á escola..." ou "a mestra/mestre vaiete poñer a andar...". Que non crea que a escola é onde só se vai a traballar, obedecer e recibir castigos, xa que estamos convencidos de que a Educación Infantil non é para iso senón para *ser feliz, coñecerse mellor a si mesmo e ós demais e aprender a expresarse e comunicarse mellor.*



É absolutamente normal que o voso fillo ou filla chore o primeiro día de escola, incluso en días seguintes (incluso sen ter chorado primeiro día), entendede este feito como algo que forma parte do seu proceso de adaptación ó centro, e sede conscientes de que habitualmente en canto non estades na aula deixan de chorar e se integran no grupo sen problema



Ás veces ós nenos e nenas, cando comezan na escola, **gústalles traer algunha cousa da súa casa: un xoguete, un boneco ou calquera outra cousa que os faga sentir máis seguros nun ambiente pouco coñecido.**

Se o voso fillo **quere traer algo da casa, deixádeo**, xa que ademáis de darlle seguridade, estaredes fomentando hábitos de responsabilidade, coidado das súas cousas e permitindo que o voso fillo ou filla comparta os seus xoguetes cos demais compañeiros/a

Tamén é importante que teñades en conta que os vosos fillos e fillas **traian o colexio roupa cómoda** (sen botóns), de modo que lles sexa doado de ir ó aseo, e que non sexa moi nova e que se poida manchar, xa que os vosos fillos e fillas explorarán o mundo que os rodea para aprender del.

Lembrede tamén enviarlles o mandilón (que abotoe por diante) xa que poñelo forma parte da rutina diaria da clase.

Nas primeiras semanas de clase, durante o período de adaptación, **o horario de entrada e saída é flexible, pero consideramos que é preferible que o voso fillo/a saia á mesma hora que os demais**, para que vaia adaptándose á rutina da saída.

Tede en conta que **estes primeiros días de escola poden condicionar positiva ou negativamente a marcha escolar do voso fillo ou filla**, e se tedes algunha pregunta non dubidedes en consultala cos mestres, que vos atenderemos en todo o que estea na nosa man.

Recibide un cordial saúdo

A mestra e o mestre
de Educación Infantil

O curso 2011-2012 dará comezo o vindeiro

12 de setembro de 2011

A entrada na escola



C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño
A Lagoa - Campo Lameiro - 986752035

web: <http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino>

Horario de atención a pais/nais:
martes de 17:00 a 18:00 horas